



#POLAFAMILIA

Subsidio litúrxico cada martes para a celebración da Eucaristía

DELEGACIÓN DE PASTORAL FAMILIAR DA DIOCESE DE LUGO

XXVIII MARTES DO TEMPO ORDINARIO

MONICIÓN DE ENTRADA

A familia cristiá, na medida en que, a través dun camiño de conversión permanente sostido pola graza de Deus, logra vivir o amor como comunión e servizo, como don recíproco e apertura cara a todos, reflicte no mundo o esplendor de Cristo e a beleza da Trindade divina. Presentamos hoxe ao Señor aos pais, que xeran esta comunión e entréganse aos seus fillos.

ORACIÓN DOS FIEIS

Oremos ó Señor noso Deus.

- Pola santa Igrexa de Deus: para que sexa rica en frutos do Espírito Santo, conserve sempre o gozo, a paz y o amor, e manifeste así ó mundo a presenza de Cristo. **Roguemos ó Señor.**
- Por tódalas nacións e os seus habitantes: para que a paz de Cristo se extenda a toda a familia humana, e os gobernantes saiban subordinar os intereses particulares ó benestar de todos. **Roguemos ó Señor.**
- Polos pais: para que saiban educar ós seus fillos, respetando a súa personalidade e gañándose a súa confianza. **Roguemos ó Señor.**
- Por nós, que celebramos esta Eucaristía, que coidemos o don da fe coma fillos que somos de Deus. **Roguemos ó Señor.**

Escoita, Señor, as súplicas que che presenta o teu pobo. Polo noso Señor Xesucristo.

ACCIÓN DE GRAZAS

Grazas, Señor, polos nosos pais e nais! Eles velan o noso soño, axúdannos no camiño da vida, educan os nosos desexos, arrúpannos nos momentos máis difíciles e ensínanos a chamarche "Pai". E mentres eles entregan a súa vida, Ti segues bendicíndoos e sostendo a súa deber primeiro coa túa graza. Grazas, Señor!